

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude para que se configure a escoita do menor como un dereito deste, non suxeito a criterios de necesidade ou oportunidade, e se evite a ruptura radical dos contactos entre os menores e as familias que os acolleron para asegurar a continuidade da presenza das figuras de coidado e protección na vida dos nenos sempre que se garanta o interese superior do menor

Expediente: O.3.Q/15650/23

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2024

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona XXX, membro dunha familia de acollida que forma parte da asociación de familias acolledoras Acougo. A súa reclamación versa sobre o incumprimento do Protocolo de transición do acollemento familiar ou residencial á adopción.

#### ANTECEDENTES

A familia recibiu na súa casa a un menor, YYY, con tres anos de idade, que residira desde o ano e medio de vida nunha casa da familia de XXX. Despois de dous anos en acollemento temporal, a entidade pública que asumira a tutela lles propuxo un acollemento permanente. Antes de que a familia puidera expresar a súa vontade de acoller a YYY de forma permanente, se lles indicou que se ía iniciar un acollemento familiar preadoptivo cunha nova familia, incluíndo a súa irmá menor, coa que nunca tivera relación. O escrito de queixa indicaba que, tras unha rápida adaptación de catro días cos pais adoptivos, o 17 de abril de 2023 o menor saíu da súa casa e desde entón non puideron velo nin manter ningún tipo de contacto con el. A familia adoptiva, cada vez que lle solicitaban un encontro (incluídas datas especiais como o seu aniversario), negábase con argumentos como: *“el menor no distingue entre familia de acogimiento y familia adoptiva”*, *“que tienen miedo de perder todo lo avanzado”* e *“que la Xunta le dice que los tiempos son los del menor y de la familia”*.

YYY tiña un vínculo moi importante coa familia acolledora, xa que os dous fillos biolóxicos eran como irmáns para el e tiña unha relación estreita con todos os membros da familia e coas persoas do seu entorno, estando tamén plenamente integrado no centro escolar, cursando a etapa de Educación Infantil. Manifestaban no escrito o desexo de manter relación co neno, vínculo que consideraban positivo para el, sen ter novamente a sensación de abandono.

O escrito presentado ante esta institución conclúe:

*En este caso, la Xunta no ha velado por los derechos del menor y no ha tutelado el proceso de adaptación dejando que prime el deseo de la familia que, bien por falta de formación, miedo o inseguridad, no son capaces de entender el proceso ni empatizar y/o acompañar la confusión de un menor que nació el XXX y que ha pasado por numerosas medidas de protección a lo largo de su vida (casa de familia, acogimiento familiar, suspensión de visitas de su familia biológica...) y que efectivamente estaba muy vinculado a nuestra familia (a nosotros dos y a nuestros dos hijos a los que consideraba sus hermanos pero también a primos, abuelos, amigos etc ) por lo que la confusión es normal y es un síntoma claro de que hubo vínculo y que se consideraba un miembro más de nuestra familia (de acuerdo con el deber que nos impone a las familias la legislación actual).*

*Presentamos esta queja para defender nuestro derecho como familia acogedora para poder mantener el vínculo que nos une con una persona que ha sido parte de nuestra familia durante dos años, un vínculo que es positivo para él y para que no tenga que pasar por el trauma de un nuevo abandono. Y lo presentamos convencidos de que es lo mejor para el interés del menor pero también para su familia adoptiva porque el hecho de mantener y no perder el vínculo que tiene con nosotros va a permitir que establezca un nuevo vínculo mucho más sano y firme con su nueva familia sin que esté presente el miedo de que en cualquier momento esa nueva relación se rompa (como le ha venido pasando hasta ahora).*

*Se trasladó esta situación a la Xunta mediante la presentación del escrito que se adjunta a través de la Asociación Acougo el pasado mes de septiembre sin que haya habido respuesta ni ninguna actuación por parte de la Xunta.*

No informe achegado a esta institución pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica maniféstase que se solicitou, por súa vez, un informe das accións que se realizaran por parte do Servizo Provincial de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Coruña.

O citado informe do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, do 27 de novembro de 2023, indica que, mediante resolución de 19/01/2023, se acordou o paso á adopción do menor xunto coa súa irmá pequena, que estaba con outra familia de acollida, mantendo así o criterio de non separación de irmáns á hora de buscarlles unha familia alternativa á súa a través da adopción. As decisións tomadas fixéronse por unanimidade na COPET (Comisión de Propostas de Especial Transcendencia), que tivo lugar o día 26 de setembro 2022.

Durante os meses de febreiro e marzo de 2023, as técnicas do ETM iniciaron o protocolo de exploración das necesidades psicosociais dos irmáns, a súa historia de vida e o seu percorrido por diferentes recursos de protección, así como de outras actuacións levadas a cabo dende o departamento provincial de menores da Coruña.

Así mesmo, iniciáronse as preceptivas entrevistas coas posibles familias adoptivas valoradas como idóneas e dispostas a adoptar algún menor das súas características, a través da bolsa de familias idóneas da lista provincial.

Tras o estudo do seu expediente, o equipo de adopción contactou co neno na sede da Cruz Vermella, en presenza dunha técnica do equipo da entidade e a responsable do programa de familias acolledoras. A técnica responsable do caso mantivo unha entrevista co menor para indicarlle como se ía proceder a buscalle unha familia para el e a súa irmá. A posibilidade de ser adoptado por unha familia foi ben aceptada polo menor, quen se aledou, ademais de pedirlle á técnica que a súa incorporación á nova familia fose o máis axiña posible.

Máis tarde, o ETM de adopción procedeu a manter un encontro só coa persoa acolledora, xa que o acolledor non asistiu ao encontro, e poñela ao tanto dos obxectivos previstos. Así, o ETM lle trasladou á familia acolledora a premura por atoparlle unha familia adoptiva a fin de proporcionarlle ao menor una estabilidade familiar total, o que require da súa dispoñibilidade para así facilitarlle ao neno a integración na familia adoptiva. Por isto, é preciso coñecer máis polo miúdo os seus hábitos e características persoais e así garantirlle os maiores niveis de éxito na busca de familia e o seu futuro acoplamento adoptivo.

Durante a entrevista, a acolledora non amosou desconformidade coas actuacións do servizo de protección de menores, pero este si notou uns silencios que creaban unha sensación de amargura ante a noticia. Non obstante, si referiu desconformidade cos tempos dos procesos e con como se alongan, polo que a técnica procedeu a explicarlle as medidas de protección levadas a cabo e como, neste caso, a adopción exige o cumprimento dunhas premisas legais que implican uns tempos determinados para conseguir que o proceso teña todas as garantías.

O ETM recalcou que nun período breve de tempo aparecera a familia adoptiva, polo que se lles pediu aos acolledores que seguisen as pautas previstas para facilitar a transición do menor á nova familia adoptiva, gracias á incorporación de fotos dos futuros pais, así como doutras informacións relevantes do novo entorno, nomes, profesións, mascotas que tamén vivisen no fogar etc., e os acolledores comprometéronse a iniciar a integración co apoio da técnica da Cruz Vermella antes de que se iniciase o primeiro contacto.

Nesta integración, o ETM de adopción contaba coa peculiaridade de que, debido á reunificación dos dous irmáns na mesma medida de adopción, tería que contar coa aparición

de novas dificultades ao inicio da convivencia dos propios irmáns e a súa consolidación dos seus propios roles fraternais.

O plan de integración familiar previsto no mes de abril tivo en conta un calendario personalizado para os menores, que podería ser modificado segundo a evolución dos nenos. Nun principio, os menores non deberían pernoitar no domicilio adoptivo se estrañaban demasiado ou se aínda non se lles vía seguros. Cando xa existise pernoita no domicilio adoptivo, deixaríanse de facer na casa dos acolletores. As horas que figuran no devandito calendario son orientativas, poden variar en función das necesidades de ambas as familias.

O informe afirmaba que a dirección xeral promove, a través dos equipos técnicos de menores, os procedementos necesarios para garantir o adecuado desenvolvemento dos nenos, nenas e adolescentes con medida de protección, respectando os seus ritmos e necesidades. O protocolo de transición debe ser adaptado á evolución de cada proceso e de cada persoa, primando en todos os casos os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

Con todo, coa información transcrita non era posible facer unha valoración definitiva do obxecto da queixa, polo que de novo nos diriximos á Consellería de Política Social a fin de solicitar con urxencia información sobre os extremos que estaban aínda pendentes de aclaración. En particular, sobre:

- A situación persoal da irmá do menor afectado.
- As conclusións que se obtiveron despois de iniciar o protocolo de exploración das necesidades psicosociais dos irmáns, xunto coa súa historia de vida e o seu percorrido por diferentes recursos de protección.
- A entrevista realizada pola técnica responsable do menor, en canto fai referencia no informe a que o menor solicita a súa pronta incorporación á nova familia.
- Os prazos de tempo nos que transcorre o plan de integración.

O informe complementario foi rexistrado nesta institución dando conta das cuestións formuladas e achegando unha serie de valoracións e consideracións da familia adoptante.

## ANÁLISE

No primeiro informe remitido, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica sinala que as visitas e encontros que se pautaron e se consensuaron coas partes implicadas se levaron a cabo de forma progresiva e sempre tendo en conta o interese do menor, á vez que se valoraban tras cada encontro as impresións das partes e a evolución da

seguridade do neno. Sinala o informe que as manifestacións de ambas as partes sempre foron positivas, polo que o proceso foi aumentando gradualmente.

Tras o inicio dos contactos do menor coa súa irmá, o ETM aconsellou que o “período burbulla”, isto é, o tempo prudencial en que se dan as indicacións para que as figuras da familia extensa se presenten de forma lenta e coidada (tempo no que estarán os catro sós), se atrase todo o posible para que o menor poida interiorizar as novas figuras familiares.

No mes de maio, a integración dos dous irmáns coa familia adoptiva comezou xa de maneira plena e, nos seguimentos que se realizaron, a familia comentou que non xurdiran grandes dificultades, pero que o menor presentaba moitas dúbidas sobre o proceso, algo que confundía aos gardadores, que transmitían que este pensaba “que a acollidora era a súa nai biolóxica, recordando como sabe que estivo na súa barriguiña e fala sobre o nacemento”. Transmitíuselle á familia que, pouco a pouco, o menor iría colocando a súa situación vital de maneira máis axeitada, á vez que se lle deron pautas para a tranquilidade do neno e “fórmulas” para traballar a súa identidade e o proceso de vida nos diferentes recursos de protección, xa que é habitual que o neno pense que a medida na que se atopa é temporal e que volverá ou coa familia acollidora ou con outra nova familia.

A familia adoptiva comentou ao servizo provincial que estaban tendo algunhas dificultades a causa da confusión que tiña o neno sobre as figuras parentais, quen as exercera e de que maneira, e que, en ningún momento, consideraron negativos os contactos coa familia acollidora.

Tamén nese primeiro informe se comunica que a técnica responsable do caso mantivo unha entrevista co menor para indicarlle como se ía proceder a buscarlle unha familia para el e a súa irmá. A posibilidade de ser adoptado por unha familia foi ben aceptada polo menor, segundo a técnica. O ETM lle trasladou á familia acollidora a premura por atoparlle unha familia adoptiva co fin de proporcionarlle ao menor una estabilidade familiar total.

Dos feitos descritos no propio informe sobre “as moitas dúbidas que o menor tiña sobre o proceso” ou a súa “confusión sobre as figuras parentais” non podemos descartar, fóra de toda dúbida, que eses feitos se produciran como consecuencia da premura por resolver o expediente de adopción; pola falta dunha adecuada adaptación da medida aos ritmos do neno, e non aos dos adoptantes; e pola abrupta ruptura da relación coa familia de acollida, cuxa cooperación na transición a un novo contexto familiar tería sido moi favorable para o neno ao non ter que procesar en solitario a repentina desaparición da súa vida das persoas que o coidaron durante dous anos, case a metade do seu tempo vital.

Con todo, o aspecto sobre o que é preciso reflexionar é a forma na que se realizou a entrevista co neno “para indicarlle como se ía proceder a buscarlle unha familia para el e a súa irmá”.

Esta decisión foille comunicada, pero YYY non foi escoitado no sentido que a normativa sobre protección de menores lle dá á escoita. A Administración determinou cal era o interese superior do menor en circunstancias determinadas sen escoitalle e, por tanto, sen considerar a súa opinión ou os seus desexos. No mes de xaneiro de 2023, a COPET decide o paso á adopción. Nos meses de febreiro e marzo, indágase na súa historia de vida e realízanse as entrevistas con posibles familias adoptantes. Despois, infórmase ao neno da decisión.

Neste proceso non foi seguido o enfoque que realizou o Comité dos Dereitos do Neno no seu desenvolvemento doutrinal do artigo 12, a través da Observación xeral 12, dedicada ao dereito do neno a ser escoitado, que se completa coa Observación xeral 14 (2013), sobre o dereito do neno a que o seu interese superior sexa unha consideración primordial. Hai que destacar que o comité pon de manifesto que o titular destes dereitos é calquera neno que estea en condicións de formarse un xuízo propio, sen que podan admitirse discriminacións por razón da idade. De acordo co Comité de Dereitos do Neno, debe partirse da premisa de que o neno ten capacidade para formarse as súas propias opinións, sen límite de idade e incluíndo a primeira infancia. A garantía deste dereito constitúe unha obrigaación dos Estados signatarios da convención. Consideramos esencial un cambio na configuración deste dereito do neno a ser escoitado e a manifestar os seus desexos e preferencias, sen presións nin feitos consumados.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, entre os principios reitores proclamados no artigo 38 que deben guiar a actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e á adolescencia, establece, en primeiro lugar, a primacía do interese do menor sobre calquera outro interese que inspire as actuacións públicas ou privadas de quen se encargue da súa protección, por lexítimo que este fora. Para a determinación dese interese, atenderase, en primeiro termo, ás necesidades e dereitos dos nenos, teranse en conta as súas opinións e desexos manifestados con xuízo suficiente e considerarase a súa individualidade no marco familiar e social.

A reiterada posición desta institución é que debe terse moi en conta a opinión do propio neno sobre a súa situación familiar, non sendo posible entender que pode ser valorada adecuadamente a situación considerando, en abstracto, cal habería de ser o seu interese.

Nesta liña, a Observación xeral 14, § 97, establece: *“A fin de demostrar que se ha respetado el derecho del niño a que su interés superior se evalúe y constituya una consideración primordial, cualquier decisión [...] debe estar motivada, justificada y explicada. En la motivación se debe señalar explícitamente todas las circunstancias de hecho referentes al niño, los elementos que se han considerado pertinentes para la evaluación de su interés superior, el contenido de los elementos en ese caso en concreto y la manera en que se han ponderado para determinar el interés superior del niño. Si la decisión difiere de la opinión del niño, se deberá exponer con claridad la razón por la que se ha tomado. Si, excepcionalmente, la solución elegida no atiende*

*al interés superior del niño, se deben indicar los motivos a los que obedece para demostrar que el interés superior del niño fue una consideración primordial, a pesar del resultado. No basta con afirmar, en términos generales, que hubo otras consideraciones que prevalecieron frente al interés superior del niño; se deben detallar de forma explícita todas las consideraciones relacionadas con el caso en cuestión y se deben explicar los motivos por los que tuvieron más peso en ese caso en particular. En la fundamentación también se debe explicar, de forma verosímil, el motivo por el que el interés superior del niño no era suficientemente importante como para imponerse a otras consideraciones”.*

Neste suposto, non consta que se escoitara ao neno. A medida foi executada sen ter en conta o impacto no neno da ruptura radical dos contactos cos acolledores e o seu entorno, desprazando o seu interese superior a manter a continuidade da súa historia de vida en favor do obxectivo de que os adoptantes non claudicasen. Porén, o informe recolle a sospeita de que “o interese das visitas era máis por necesidade dos adultos. Este tipo de impresións tamén foran vistas polo ETM de adopción”.

Da confusión de YYY sobre o seu contexto, da falta de integración da súa historia vital, composta por etapas illadas, e da falta dun proceso de escoita activa que identifique o que o neno pensa sobre o que lle afecta, dedúcese que a situación non foi abordada adecuadamente. De feito, parece preciso avaliar a afirmación de que se lle deron aos adoptantes “pautas para a tranquilidade do neno, e ‘fórmulas’ de traballar a súa identidade e o proceso de vida nos diferentes recursos de protección, xa que é habitual que o neno pense que a medida na que se atopa é temporal e que volverá ou coa familia acolledora ou con outra nova familia”. Isto significa que non se explican adecuadamente os cambios, polo que sería conveniente revisar como se aplicou o protocolo de transición neste suposto, ao non permitir aos acolledores acompañar ao neno nesta transición.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Igualdade as seguintes **recomendacións**:

- **Que a administración con competencias en materia de menores, configure a escoita do menor como un dereito deste, non suxeito a criterios de necesidade ou oportunidade, e con especificidades no caso da primeira infancia, o que supón que en todos os procedementos se debe oír ao neno antes de tomar calquera decisión, considerando o que di e facéndolle comprender as circunstancias concretas que están en xogo para poder determinar sempre o seu interese superior.**

- **Que se evite a ruptura radical dos contactos entre os menores e as familias que os acolleron considerando que, co necesario apoio especializado, a continuidade da presenza das figuras de coidado e protección na vida dos nenos é positiva e pode reforzar os novos vínculos de apego, polo que a falta de consentimento da familia adoptiva debe estar motivada no acreditado interese superior do neno tras a súa escoita e non nas preferencias da familia adoptante.**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo e recórdolle a necesidade de que, no prazo de un mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas, daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola Administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo